



# SEMUS

## Compostela

### urxencias sociais

O **Concello de Santiago**, co apoio da **Deputación da Coruña** e a colaboración de **Cruz Vermella**, pon en marcha o **SEMUS Compostela**, un novo servizo co que dar resposta ás urxencias sociais da cidadanía.



# SEMUS Compostela

## urxencias sociais

### Qué é?

É o **Servizo Municipal de Urxencias Sociais do Concello de Santiago**. Ofrece unha atención especializada de xeito inmediato ás persoas que, de forma imprevista, se atopen en situación de vulnerabilidade social. Os obxectivos son complementar a atención dos Servizos Sociais Municipais nos horarios nos que estes non están operativos, así como apoiar o labor realizado pola Policía Local, Bombeiros e Protección Civil, cando no desenvolvemento das súas funcións se presenten problemáticas sociais que requiran inmediatez e sistemas especializados de resposta.

- Activación en caso de urxencias sociais.
- Rutas coa unidade móbil para dar apoio ás persoas sen fogar.
- Dispositivo especial de atención a persoas sen fogar ante climatoloxía adversa.



O SEMUS Compostela estará dispoñible os 365 días do ano, entre semana en horario de 15h a 8h, e sábados, domingos e festivos 24h.

### Como se activa?

A cidadanía que presencie algunha situación de urxencia ou precise asistencia, deberá chamar ao 112, o número único de emerxencias, ou á Policía Local no 981 54 23 23, e serán estes os que activen os recursos necesarios en cada caso.